



ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de
Normalización da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

Solicitud de modificación da convocatoria de dúas prazas de técnico medio en normalización lingüística

Nel Vidal Barral, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897; con apartado de correos 170 de Santiago de Compostela; con enderezo electrónico info@ctnl.org e con teléfono de contacto 629 571 950,

Expoño

Que logo da publicación no *Diario Oficial de Galicia* do 9 de febreiro de 2011 da Resolución do 13 de xaneiro de 2011 pola que se convocan probas selectivas para a provisión de dúas prazas de técnico de grao medio en normalización lingüística vacantes no cadre de persoal laboral, desde a CTNL –entidade que agrupa os/as traballadores/as de normalización da lingua–, temos que expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, desde a CTNL cremos que a contratación fixa de persoal técnico para normalización lingüística mediante convocatoria pública por parte da universidade é algo positivo, polo que así valoramos o paso dado pola Universidade da Coruña de consolidar prazas no cadre de persoal para o desenvolvemento de tarefas técnicas para a normalización da lingua galega.
2. A CTNL elaborou en 2006 unha proposta de recomendacións e requisitos mínimos que deben cumplir as convocatorias de postos de traballo para os servizos de normalización lingüística das administracións públicas galegas. Esta proposta está pensada para que as administracións poidan contratar o persoal máis e mellor capacitado, coa finalidade última de que o labor dos SNL sexa o máis efectivo posíbel. O documento enviáuselle daquela á maioría das entidades públicas galegas, para que se coñecesen e se tivesen en conta esas



Ctl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de
Normalización da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

recomendacións e eses mínimos á hora de elaborar as bases para os procesos selectivos de técnicos/as de normalización lingüística. Ese documento pódese consultar en: http://www.ctnl.org/upload/des/110-a-recomend_conv_snl_ctnl.pdf

3. Unha vez sinalado isto, temos que indicar que, con respecto ás características das prazas convocadas, detectamos un aspecto grave que se debería corrixir:
 - a. Debido ás funcións reais que se teñen que desenvolver e aos coñecementos e capacidades necesarias para desenvolvelas, as prazas de técnico/a de normalización lingüística deben ser de grupo I, e non de grupo II, tal e como foron creadas no cadro de persoal da UDC e, polo tanto, tal e como se convocan agora.
 - b. Polo tanto, debe ser condición das persoas aspirantes estar en posesión do título de licenciada/o universitaria/o ou equivalente ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes, e non simplemente estar en posesión do «título de diplomado/a universitario/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou equivalente», como se sinala no artigo 2.1 c).
4. E con respecto ao proceso selectivo, na fase de concurso consideramos que hai aspectos que deberían ser modificados:
 - a. Que a experiencia laboral na UDC conte máis de catro veces que a experiencia laboral noutras administracións (0,625 fronte a 0,15 puntos por mes) considerámolo inxusto e esaxerado. Que a experiencia laboral na mesma entidade se puntúe máis que a experiencia laboral noutras é razoábel, mais consideramos inxusto que a diferenza sexa tanta.
 - b. Que só se teña en conta a experiencia laboral na mesma categoría e grupo, e non en categorías superiores, tamén o consideramos inxusto, sobre todo tendo en conta que estes postos de traballo deberían ser xa de grupo I, e non de grupo II, e sobre todo tendo en conta que en ningunha administración pública galega existen esas prazas de “técnico/a medio de



Ctl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de
Normalización da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

normalización lingüística”, senón que todas son de “técnico/a superior”, isto é, de grupo laboral I ou funcional A1.

Polo que, **solicito**

- Que para que desde a Universidade da Coruña se poida contribuír do mellor xeito posible ao proceso de normalización da lingua galega e que, polo tanto, se seleccione o persoal máis e mellor capacitado para desenvolver o labor que lle corresponde ao Servizo de Normalización Lingüística:
 - se modifique a relación de postos de traballo, e esas dúas prazas de “técnico/a medio de normalización lingüística” de grupo II se convertan en prazas de “técnico/a de normalización lingüística” de grupo I,
 - e se modifique o proceso selectivo, adaptándoo a prazas de grupo I e mudando a fase de concurso, para que esta sexa máis xusta.
- Que contén co apoio e asesoramento da CTNL para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso selectivo e na propia creación ou desenvolvemento das funcións do SNL da Universidade da Coruña.



Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2011

*Remítense copia deste escrito á Xerencia e á Secretaría Xeral da Universidade da Coruña.